

SAUDADE DE DEUS: A DIMENSIÓN TRANSCENDENTE DA SAUDADE

ROCÍO CAROLO TOSAR

A saudade, na súa condición de sentimento, lévanos máis aló do tanxible, e polo tanto, pode converterse nunha porta cara o divino, cara un alo espiritual. Neste camiño que pretendemos transitar e descubrir neste traballo partiremos do pensamento de Ramón Piñeiro, mesmo a concepción acerca da saudade da que partiremos é a ofrecida polo pensador de Láncara. Mais cando falemos da transcendencia non nós quedaremos ancorados unicamente en este, pois de base, estaríamos, renegando da primeira parte do título de este relatorio: a saudade de Deus.

A saudade, tal como a concibe Ramón Piñeiro, despréndese da mirada psicoloxicista dos seus predecesores para revelarse como un sentimento sen obxecto, un movemento interior que nos devolve a nós mesmos. A través dela, facémonos conscientes da nosa soidade máis fonda e iniciamos unha viaxe cara ao ser, pois é a saudade quen pon en contacto o ser humano con este e consigo mesmo. Por iso, este sentimento adquire unha fonda dimensión ontolóxica, ao instaurar unha relación singular, íntima e esencial. Así, o ser humano aparece recollido na súa interioridade, habitado pola saudade. Mais, é este o seu derradeiro destino? Que acontece tras a experiencia da saudade? Ou acaso estamos condenados a permanecer pechados para sempre no territorio da nosa propia interioridade? É posible, xa que logo, que haxa algún tipo de transcendencia do sentimento de saudade? E si é posible, como se produce esa transcendencia?

A resposta a primeira das cuestións está clara: si, é posible a transcendencia. Non só é posible, senón que é necesario que se produza. Ilustremos isto. O propio Piñeiro define ao individuo como unha realidade inmanente-transcendente:

«E no máis profundo da súa inmanencia, no seu último límite, sente a singularidade do seu ser individual, quere dicir, a súa soedade ontolóxica radical; pero, ó mesmo tempo, no seo da propia inmanencia sente a necesidade de trascender esa soedade intra-persoal a través da comunicación e da colaboración cos demais. Nas profundidades da inmanencia dilúese pasivamente no abismo da pura soedade e, para se salvar desa pasividade, desprega un pulo afirmativo cara á transcendencia.»¹

¹ Piñeiro, R., “Prólogo”, en: Torres Queiruga, A., *A revelación de Deus na realización do home*, Vigo: Galaxia, 1985, p. II



O ser humano na súa inmanencia sente a súa singularidade íntima, mais a pesar diso, o individuo sente a necesidade de transcenderse. Non pode quedar atrapado na súa soidade. Se por algo se caracteriza a saudade é polo seu carácter dinámico, permitindo ao individuo proxectarse cara ao transcendente nun pulo “apetitivo”.

Neste senso, sinala Piñeiro que o primeiro signo de apertura do ser humano cara fora de si mesmo, ou o que é o mesmo, cara a súa transcendencia é través da lírica, posto que través dela este pódese expresar, verbalizar a súa soidade ontolóxica, a saudade. Quizais o motivo desta afirmación do de Lánacara se deba a que a lírica recolle gran parte das manifestación da saudade, sendo Rosalía unha das súas representantes. Sirva un fragmento de *En las orillas del Sar*²:

«II

Yo no sé lo que busco eternamente
en la tierra, en el aire y en el cielo;
yo no sé lo que busco, pero es algo
que perdí no sé cuándo y que no encuentro,
aun cuando sueñe que invisible habita
en todo cuanto toco y cuanto veo.

Felicidad, no he volver a hallarte
en la tierra, en el aire ni en el cielo,
¡aun cuando sé que existes
y no eres vano sueño!»

Se a lírica é o primeiro signo de apertura, en tanto en canto é o intento de comunicación do sentimento de saudade que se expresa a través ela. Non vai ser a única transcendencia da que falará Piñeiro, senón que se resolve entre dous polos metafísicos: “a súa soidade do Ser e a transcendencia en procura do ser”³. Do mesmo xeito que o ser humano mantén unha relación dobre coa realidade — unha aberta ao exterior, a través da vontade e do intelecto, e outra recollida no íntimo, a través do sentimento —, así tamén se configura o seu acceso ao Ser, é dicir, a súa transcendencia, que se desprega en dúas direccións: cara a fóra e cara a dentro. A transcendencia orientada ao exterior maniféstase como propia da vontade e do intelecto, proxectándose na vida común, na comunidade e na sociedade. Pola contra, a transcendencia cara ao interior pertence ao ámbito do sentimento, onde o ser humano se reencontra consigo mesmo.

Detémonos, aínda que sexa brevemente, na primeira destas vías: a transcendencia orientada cara ao exterior. Xa Aristóteles definía o ser humano como

² Rosalía de Castro, “En las orillas del Sar”, en: *Poesías*, Vigo: Edicións do patronato, 1973, p. 364.

³ Piñeiro, R., *Filosofía da saudade*, Vigo: Galaxia, 2009, p. 39.



zōon politikón, subliñando así a súa condición esencialmente social. Vivimos entre outros e cos outros, inseridos nun tecido compartido que nos reclama recoñecemento, diálogo e pertenza. Precisamos atoparnos nos outros, compartir significados e valores, e sentir que a nosa presenza no mundo garda coherencia co espazo humano que habitamos. Aínda que a comprensión máis profunda do ser nace no recuncho da intimidade, esta non abonda por si soa: sen a apertura á comunidade, sen a asunción dunha identidade colectiva e cultural, a realización persoal permanece incompleta. Unha idea que o investigador Carlos Fernández formula con especial lucidez: “o home é, na súa raíz, individual, pero non alleo á vida comunitaria. O individuo é a unidade creadora na que coexisten harmonicamente singularidade e comunidade”⁴.

Para Piñeiro, o tecido social e a comunidade non son simples contornos nos que se desenvolve a vida, senón elementos vitais que marcan a nosa existencia, en coherencia coa súa propia traxectoria vital e o seu compromiso colectivo. A apertura cara ao exterior imprime forma á nosa condición de ser humano, deixando unha influencia profunda na maneira en que nos constituímos, ademais de supor a saída dese sentimento saudoso, como xa ten apuntado o profesor Luís García Soto: “a saudade é sentimento (...) de algo máis: soidade e saída da soidade, libertación do ‘isolamento’ e desenvolvemento da ‘subxectividade’. Saír da soidade, libertarse e desenvolverse: procura e establecemento de relación, de asociación... en fin, de sociedade”⁵.

Ao respecto desta apertura social do individuo saudoso a que pode retrotraernos ao pensador que pouco ten que ver directamente e en aparencia co sentimento de saudade, estou falando de Hans-Georg Gadamer e a súa saída da autoalleación. A autoalleación podería entenderse como un afastamento interior, un desgarrar dos vínculos que nos conectan cos outros e co mundo. Deste modo, o illamento e a soidade xorden como fenómenos entrelazados, mesturándose nunha ambivalencia sutil: a soidade non é simplemente ausencia de compañía, senón unha dimensión que pode residir dentro do propio illamento: “O illamento é unha forma da perda. É a aproximación a outra cousa que niso se perde. Na experiencia do illamento parece haber tamén un sufrimento de soidade”⁶. Para Gadamer, a soidade revela a ausencia do outro e do mundo, facéndonos sentir case como estraños no propio espazo que habitamos. Esta experiencia de autoalleación, maniféstase no illamento, na vivencia profunda da soidade. A saída desta situación non se atopa na introspección solitaria, senón no encontro co outro:

⁴ Fernández, C., *O vento do espírito. De Vicene Risco a Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia, 2000, p. 65.

⁵ García Soto, L., *O labirinto da saudade*, Santiago de Compostela: Laviovento, 2012, p. 116.

⁶ Gadamer, H. – G., “El aislamiento como síntoma de autoenajenación”, en: Gadamer, H. – G., *Elogio de la teoría. Discursos y artículos*, Barcelona, Península, 1993, p. 110.



na amizade, que se converte así no vehículo para restablecer a conexión consigo mesmo e co mundo, no diálogo que nos reconcilia coa vida compartida.

Cómpre cuestionarse se a soidade que contempla Gadamer non se encontra, en certo modo, en contacto coa saudade. Para aproximarnos a unha resposta, é preciso deter a nosa atención no que o filósofo de Marburgo ten que dicir acerca de quen ama: “o que ama busca a soidade, porque o anhelos de capturar algo ausente que non pode ser suplido por nada presente satisfaino plenamente”⁷, esta soidade da que trata Gadamer pode entenderse como saudade. Así, Piñeiro, ao igual que o filósofo de Marburgo, considera a amizade como unha das vías polas que se manifesta a transcendencia cara ao exterior, especialmente a través da vontade. Ao recoñecermos a nosa propia singularidade, facémonos capaces de percibir e respectar a singularidade ontolóxica dos demais. Neste movemento de apertura, a linguaxe resulta esencial: é a ferramenta que nos permite compartir a nosa intimidade ontolóxica, establecer unha ponte entre o mundo interior e o exterior, e expresar, de maneira auténtica, a nosa realidade máis profunda.

Finalmente, resta abordar a transcendencia que se orienta cara ao interior, xa que o ser humano tamén sente a necesidade de superarse consigo mesmo, procurando alcanzar o Ser con maiúsculas desde o recuncho máis profundo da súa propia existencia. Como xa apuntamos, a saudade permite ao ser humano entrar en contacto co Ser, e é precisamente a través desta transcendencia interior que se inicia a súa procura: “o sentimento, por ser o seu constitutivo radical, abrangue toda actividade do ser do home. Ademais de constituír a súa intimidade, reflicte tamén en si mesmo a actividade transcendente”⁸. Esta transcendencia pode manifestarse como anhelos (*Sehnsucht*), como esperanza ou como fe. Entre estes estados, as fases intermedias quedan marcadas pola angustia. Para Piñeiro, é no lirismo onde esta transcendencia se fai visible, expresando o movemento íntimo cara ao Ser.

É habitual asociar a transcendencia coa busca do absoluto, tal como acontece na obra de Rosalía de Castro ou de Teixeira de Pascoaes. Mesmo no título deste traballo hai unha pretendida ambigüidade para xogar con esa idea. Non obstante, Piñeiro adopta unha perspectiva distinta: o seu interese céntrase no Ser, e non en Deus ou no Absoluto. Tanto nos textos publicados como nos manuscritos, cando trata a fe ou a mística, sempre fala dese Ser con maiúsculas, sen identificar directamente unha divindade ou un Absoluto transcendente. Un exemplo disto podemos atopalo no seu texto *Para unha filosofía da saudade*, o filósofo de Lancara emprega unha expresión que resulta moi significativa: “a bágoa do Ser”.

⁷ *Ibid.*, p. 111. Hai que lembrar que a figura da persoa que ama non se limita ao vínculo romántico; o amor tamén se manifesta cara ao irmán, ao amigo, aos pais e, en xeral, en todas as relacións que teñen lugar no ámbito afectivo e humano.

⁸ Piñeiro, R., *Filosofía da saudade*, p.74.



Esta expresión atopase referida a Deus na poesía de Teixeira de Pascoaes cando o luso se refire á bágoa de Deus⁹.

Ben é certo que nun dos seus manuscritos atopamos esa referencia ao Absoluto ao que ve como “o eminente suxeitador de saudade”¹⁰. Se observamos como Piñeiro describe este absoluto, podemos entendelo como o Ser ao que se refire na súa *Filosofía da saudade*. Este Ser é ao mesmo tempo a inmanencia máis profunda e a transcendencia máis absoluta, un horizonte diante do cal o ser humano experimenta unha saudade intensa e radical. Esta concepción evoca de maneira inevitable a súa afirmación: “o contacto orixinal entre o ser do home e mailo Ser é un contacto sentimental. Xorde do ‘sentir-se’ do ser do home como singularidade, que a vén a percibir como *singularización do Ser*. Deste orixinal sentimento do Ser nacerá o *apetito* do Ser, e de ámbalas cousas a *idea* intelectual do Ser”¹¹.

No ser humano que experimenta saudade descubrimos, por tanto, unha apertura infinita. Se ben esta apertura pode lembrar a angustia — non debemos esquecer a influencia de Heidegger en Piñeiro, así como a observación de Celestino Fernández de la Vega, quen equiparou a súa concepción da saudade coa angustia heideggeriana —, convén subliñar que a angustia mesma é, en esencia, esa apertura. No caso da saudade, o movemento de apertura xorde cando o individuo xa non pode permanecer encerrado na súa propia interioridade. O ser saudoso, consciente da súa singularidade, sente unha carencia, unha ausencia do propio Ser (presenza-ausencia). É ese Ser, ou Absoluto, o que completa ao individuo que se dirixe cara este. Neste contexto, o teólogo José Gómez López sinala que “o home, pola súa parte, descóbrese a si mesmo como aberto e chamado. Sente vitalmente que a súa plenitude non se realiza na autosuficiencia cerrada; a felicidade, de ser posible, estaría para el na comunión con aquilo que se lle ofrece como capaz de enchelo de modo definitivo”¹². Ao experimentar a súa soidade máis íntima, o individuo percibe a ausencia do Ser — ou, segundo Gómez López, do Absoluto, de Deus —. Así, a saudade convértese nunha especie de arela, un desexo profundo que nos empuxa cara á plenitude ausente.

⁹ “Galiza, terra irmá de Portugal,/ Que a divina Saudade transfigura,/ A tua alma é rosa matinal,/ Onde uma lágrima de Deus fulgura” (Pascoaes, T., Marânus, Lisboa: Assirio & Alvim, 1990, p. 4).

¹⁰ Piñeiro, R., “Notas sobre a saudade”, en: Piñeiro, R., *Manuscritos* (por xentileza da Fundación Penzol).

¹¹ Piñeiro, R., *Filosofía da saudade*, p. 61.

¹² Gómez López, J., “Misterio de Dios y experiencia humana de la ‘saudade’”, pp. 145-173, en: AA.VV., *Miscelánea Auriense en honor de monseñor D. Ángel Temiño Sáiz obispo de Ourense*, Ourense: Deputación Provincial, Servicio de Publicacións, 1985, p. 161. José Gómez preséntanos unha visión da saudade máis próxima á concepción de Pascoaes que a de Piñeiro polo que respecta a esta transcendencia da saudade.



Esta saudade, entendida como arela, distínguese polo seu carácter dinámico, pois sempre tende ao ilimitado. Piñeiro subliña a importancia de ser conscientes da nosa limitación: só ao recoñecer os límites podemos aspirar a superalos. Esa apertura cara á transcendencia é unha forma de ir máis alá, de proxectarse cara ao infinito. O ser humano descóbrese empuxado cara a algo maior, na procura de contemplar o Ser. O dramatismo esencial da existencia reside precisamente nesta tensión: por unha banda, a saudade ou soidade orixinal; por outra, o desexo de transcendencia. Entre estes dous polos transcorre a nosa vida.

Cando nos afastamos do sentimento íntimo — dese espazo de soidade do ser — é cando se abre a experiencia mística. Desde esta perspectiva, a saudade revela o seu carácter intermedio. Pinharanda Gomes considera que a saudade sitúase *entre* o finito e o infinito, así cando o individuo experimenta sentimentos como a nostalxia ou a morriña, estamos ante formas de saudade — segundo Piñeiro — ligadas ao inmanente; cando, en cambio, xorde unha aspiración cara ao infinito — o *Sehnsucht* —, esta tendencia conduce cara á transcendencia. Volvendo a Piñeiro, cabe lembrar que, entre as diversas posibilidades de transcendencia¹³, o ser humano camiña cara ao Ser. Mais este movemento, que parte da intimidade, xera inquietude, pois é un avance cara ao descoñecido. É neste momento cando xorde a necesidade da fe. Empregando a metáfora da luz, no percorrer escuro do interior humano cara ao Ser, acéndese diante do suxeito a luminosa presenza da Fe: “a fe é a forza que leva ó home hasta o *Ser* a través do misterio”¹⁴.

A fe será a “forza positiva do propio ser”¹⁵, pode entenderse como un impulso tan fundamental como os instintos, un pulo vital que leva ao ser humano a lanzarse á procura da contemplación do Ser. Non se trata dunha travesía sinxela: os camiños son múltiples e a elección corresponde ao propio individuo. O ser humano é libre, constrúe o seu mundo e ao mesmo tempo vai forxando o seu ser, sempre en diálogo coa sociedade que habita. Este pulo creativo conecta coa imaxe divina que recolle o Xénese: “E creou Deus ao home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus” (Xén. 1, 27). Nesa semellanza reside un movemento interior que o empurra a recoñecer os propios límites e, ao mesmo tempo, a superalos, a estenderse cara á transcendencia e ao infinito, “faielle senti-lo misterio do absoluto e, inevitablemente, a necesidade de o percurar. Por se mover constantemente no ámbito do relativo, do finito, do limitado, sente arela de os trascender, de acada-lo alén deses límites” (*Ibid.*, p. 11). A fe, como xa sinalamos, actúa como unha forza dinámica que impulsa ao individuo a superar os límites da súa intimidade na procura do absoluto. Mais este movemento non é alleo a dificultades: ao avanzar desde a

¹³ Cfr. Gomes, P., “Saudade ou do mesmo e do outro”, 159-215, en: Pereira da Costa, D. e Gomes, P., *Introdução à Saudade*, Porto: Lello & Irmão, 1976.

¹⁴ Piñeiro, R., *Manuscritos* (por xentileza da Fundación Penzol)

¹⁵ Piñeiro, R., “Prólogo”, en: Torres Queiruga, A., *A revelación de Deus na realización do home*, p. 10.



liberdade, as rutas posibles son infinitas e o suxeito debe enfrontarse constantemente á ameaza da dúbida. Nesta tensión revela a súa natureza dual: por unha banda, é un impulso motivador que nos empuxa a transcender os nosos límites; por outra, ao abrírnos ao mundo e saír do recuncho da intimidación, convidáanos a aceptar a relatividade e a incerteza que acompañan cada paso.

Neste intento noso de facer unha lectura máis litúrxica da transcendencia do Ser de Piñeiro, ou quizás sexa ao revés, facer unha lectura en clave saudosa das Sagradas Escrituras, o profesor Andrés Torres Queiruga vai soste que “a relixión consiste en poñer a Deus na orixe e no destino último da Saudade”¹⁶, Deus como a alfa e a omega no sentimento saudoso do ser humano que fai lembrar a proximidade coa poesía de Teixeira de Pascoas onde o ser humano sinte saudade de Deus, e o propio Creador saudade da creación. A saudade que nun primeiro momento pode amosarse como un sentimento escuro ou de illamento, desvelase como unha sorte de luz ou de aurora que nos conduce ao Absoluto. Neste proceso de transcendencia da saudade remítenos a Deus, tal e como ilustra o nos autor recorrendo a diversos salmos:

SALMO 41	SALMO 84
<i>Como devece a cervá pola auga dos regatos, Así devece por ti, meu Deus, a miña alma. A miña alma ten sede do Deus vivo: ¿cando verei o rostro de Deus?</i>	Cuán amables son as túas moradas, oh Señor do universo! A miña alma suspira e ten saudades dos atrios do Señor; O meu corazón e a miña carne cantan ao Deus vivo.

No en tanto, será o salmo 131 o que resulte máis elocuente para o prof. Torres Queiruga:

SALMO ORIXINAL	“VERSIÓN” SOBRE A SAUDADE
<i>O meu corazón, Señor, non é soberbio Nin os meus ollos altivos. Non persigo grandeza Ni maravillas que me exceden. Eu aclamo e acalo a miña ansia, Coma un meniño no colo da súa nai; Como nun meniño está en min a miña ansia</i>	O meu corazón, Señor, non é soberbio Nin os meus ollos altaneiros. Non persigo grandeza Ni maravillas que me exceden. Eu aclamo e acalo a miña saudade, Coma un meniño no colo da súa nai; Como nun meniño está en min a miña saudade

¹⁶ Torres Queiruga, A., “De camiño na saudade: *Itinerarium cordis in Deum*”, en: Braz Teixeira, A. et. all. (Coord.), *Sobre a saudade: VI colóquio luso-galaico em homenagem a Andrés Torres Queiruga*, Zéfiro, 2018, p. 16.



Na súa tradución do texto bíblico, traduce ‘ansia’ por saudade. A razón está no momento en que son pronunciadas estas palabras. Non se trata do meniño que sente apego polo colo materno, senón do adulto que lembra a calidez que desprendía esa aperta da nai que protexe ao seu meniño fronte aos monstros das tebras. Pero sobre todo, sinala o filósofo, que se introduce á saudade no tema da “nacementa” ou natividade que xa tiña subliñado Hannah Arendt (ou Paul Ricoeur) polo cal podemos saír, mesmo fuxir, da nosa inqueda de vernos, ou mellor, sentírnos froito do azar e da necesidade. É, dalgún xeito, unha forma de responder á unha das preguntas “transcendentais” do ser humanos: de onde vimos? : “Ti formáche-las miñas entrañas, teciches no seo da miña nai”. Neste senso, a orixe do ser humano parece que esta aloumiñada, envolta se así o queren, dun amor incondicional que nos permitiría facer unha nova lectura en clave saudosa.

Volvendo ao noso filósofo de cabeceira, nese procura transcendente do Ser ou Absoluto, vemos como existe un cambio do social ao individual: “para [a xeración] Nós (...) o feito relixioso era unha expresión entre outras da ‘alma do pobo’; para Piñeiro é consecuencia dunha decisión íntima baseada na conciencia individual e na liberdade”¹⁷. De aí que o pensador de Lánacara insista en entender a experiencia mística como un movemento que rompe o peche da interioridade e se proxecta cara ao Absoluto, cara á contemplación do Ser. Cando esta vivencia de transcendencia se impón sobre a dimensión sentimental e ontolóxica da saudade, ten lugar o éxtase místico: unha experiencia na que o suxeito, absorbido pola presenza do Ser, semella diluírse ata case desaparecer. Isto lévanos a pensar que, aínda que Piñeiro presente a mística como unha das expresións posibles da transcendencia da saudade, máis que unha continuidade podería tratarse dunha vía distinta, case alternativa, como el mesmo parece suxerir cando afirma que “o contraposto da saudade — da soidade do ser — é o éxtase místico — a contemplación do Ser”¹⁸. A saudade xorde cando o suxeito queda recollido no fondo da súa propia interioridade. É nese recuncho onde toma conciencia do ser humano como singularidade do Ser e onde se manifesta tamén a súa natureza fuxidía, sempre presente e ausente ao mesmo tempo, imposíbel de apresar. Deste modo, a saudade configúrase como un sentimento sen referencia concreta, un sentir aberto e indeterminado. Pola contra, a experiencia mística — ou o éxtase — é entendida por Piñeiro como un acto de contemplación directa do Ser, no que xa non hai indeterminación: aquí o obxecto está claramente definido e identifícase con Deus. A mística, así, non pertence ao ámbito do sentir, senón que constitúe unha forma distinta de coñecemento, na que a vontade actúa como mediadora principal.

¹⁷ Fernández, C., *O vento do espírito. De Vicene Risco a Ramón Piñeiro*, p. 131.

¹⁸ Piñeiro, R., *Filosofía da saudade*, p. 52.



Desde esta perspectiva compréndese que Piñeiro estableza unha distinción clara entre vontade e intelecto. A través destas dúas facultades, a transcendencia parece orientarse cara ao universal e cara ao absoluto, mais é precisamente aquí onde Piñeiro insiste en subliñar o papel decisivo do límite no coñecemento do Ser. Tanto a vontade como o intelecto poden inducir ao ser humano a pensar que o seu destino último é o Absoluto, mais ese acceso prodúcese sempre mediado pola realidade. O Ser maniféstase así na experiencia mundana do existir humano, poñendo de relevo a finitude do suxeito e revelando o carácter i-limitado do propio Ser. Algo semellante sucede co intelecto: ao contemplar a realidade, este chega ao Ser, pero faino de maneira abstracta, reducindo a experiencia á noción xeral de “Ser”. A historia da filosofía estivo, en boa medida, marcada por esta aspiración á universalidade e pola procura do Absoluto. Con todo, Piñeiro sostén que tanto esa pretensión como esa ambición teñen a súa raíz última non no universal, senón na singularidade concreta do ser humano: “o universal non se opón necesariamente ao particular. Que por iso é sempre, fora do reino das puras ideas, universal concreto”¹⁹.

O absoluto tan só pode ser un ideal para o individuo, pois nel están presentes obxecto e suxeito.

Porén, no universo de pensamento de Ramón Piñeiro percíbese unha dinámica constante que leva ao ser humano do ámbito íntimo ao horizonte da transcendencia. É un movemento que se manifesta en dúas direccións complementarias: por unha banda, cara ao exterior, onde o individuo saudoso se abre á comunidade e busca expresar o seu sentimento; e, pola outra, cara ao interior, onde se orienta ao propio sentir na procura do encontro co Ser. Ambas vías aliméntanse mutuamente e fan posible a plenitude da existencia, pois a liberdade humana realízase nese tránsito continuo entre o dentro e o fóra.

A saudade, nacida da conciencia da propia finitude, convértese así nun impulso de apertura, nun anhelos de superar as fronteiras do limitado para buscar o Absoluto. Este ascenso espiritual, lonxe de seren unha invención moderna, atopa eco nas ensinanzas de Diotima no Banquete platónico, onde o amor e a beleza serven de escada cara á Idea do Ben, o cumio do coñecemento. A saudade mística constitúe, por tanto, a forza vital que impulsa ao individuo saudoso na busca da súa plenitude.

¹⁹ Piñeiro, R., *Manuscritos* (por xentileza da Fundación Penzol).

